

XLI Feira do Viño de QUIROGA

Do 26 de
marzo ó 9
de abril



XUNTA
DE GALICIA

DELEGACIÓN
DE LUGO
Cultura

CONCELLO
de
QUIROGA

CONCELLO
de
OUREI
Propiedade Municipal de OUREI

QUIROGA, CONCELLO DE INTERESE TURÍSTICO

Saúda do alcalde

Benvidos un ano máis á Feira do Viño de Quiroga!

Celebramos este ano a XLI edición deste grande escaparate para a promoción do viño de Quiroga, e polo tanto da D. O. Ribeira Sacra.

A renovación que o certame acometeu na pasada edición foi un éxito. A incorporación de adegas que elaboran viño con uvas de Quiroga, asentadas en calquera lugar da denominación, pon de manifesto que este concello é o maior produtor de uva de toda a D. O. Ribeira Sacra e outórgalle a Quiroga o seu merecido lugar de privilexio.

A Comisión Organizadora, escoitando aos adegueiros e avaliando a pasada edición, segue esforzándose para que este ano o certame se supere e se perpetúe como un dos máis salientables da xeografía española. Introducimos así, o día 7 unha xornada de viticultura heroica que achegará a todos vostedes os viños canarios.

Como sempre foi, segue sendo a Feira do Viño de Quiroga o mellor medio de promoción dos outros produtos típicos desta comarca así como do patrimonio natural e cultural que atesouramos neste municipio de Interese Turístico que forma parte do Xeoparque Mundial da UNESCO “Montañas do Courel”, da Ribeira Sacra e está atravesado polo Camiño de Inverno a Santiago.

Quedan todos convidados á Feira do Viño, a visitarnos e gozar dunha experiencia multisensorial nesta fermosa paraxe de Galicia que é o concello de Quiroga.

Boa festa!

Julio Álvarez Núñez
Alcalde

Comisión Organizadora

Presidente de Honor:

D. Julio Álvarez Núñez

Coordinador:

José Manuel Pol

Dna. M^a Dolores Sánchez Durán

D. José Enríquez Álvarez

D. Luis Manuel Arias González

Dna. Ana Lucía Nogueira Marcos

D. José Ángel Rodríguez Raposo

D. Andrés Novoa Arza

D. Pablo Domingo González

PROGRAMA DE ACTOS XLI FEIRA DO VIÑO DE QUIROGA

DOMINGO, DÍA 26 DE MARZO:

Ás 13:30 h Desfile dos membros da Confraría do Viño de Quiroga dende o Concello ata o Museo Etnográfico.

Ás 13:30 h Actuación do Grupo de Gaitas "O Recanto".

Ás 13:45 h Asemblea anual da Confraría do Viño de Quiroga no Museo Etnográfico de Quiroga.

DO 29 DE MARZO AO 30 DE ABRIL: Exposición "O Camiño Ilustrado" na Sala Municipal de Exposicións Manuel María. Org. Obra Social Abanca.

DO 29 MARZO AO 7 DE ABRIL: XI Concurso "Quiroga de Tapas". Org. Área de Xuventude.

VENRES, DÍA 7:

XORNADA DEDICADA Á VITICULTURA HERÓICA. VIÑOS CANARIOS E DA RIBEIRA SACRA

Ás 10:00 h na Casa da Cultura:

-Conferencia sobre viticultura heróica a cargo de D. Manuel Capote, Embaixador de CERVIN, Ex-vicepresidente e Director Técnico de "Lagar do Monte".

-Presentación das adegas da D.O. Viños Canarios participantes na xornada.

Ás 17:00 h na Praza Maior, coa colaboración de alumnos e alumnas do ciclo formativo Servizos en Restauración da Escola "Fundación Belarmino Fernández Iglesias":

-Cata oficial de viños canarios na Praza Maior.

-Ás 18:00 h Apertura do Túnel do viño para degustación dos viños canarios participantes:

"Bodega El Lomo. D. O Islas Canarias"

"Bodega Comarcal de Güimar, D.O Güimar"

"Bodega Domínguez Cuarta 4 Generación. D. O Tocarante- Acentejo."

Ás 20:00 h Actuación musical a cargo de membros da antiga Tuna Lucense.

SÁBADO, DÍA 8 :

Concurso de camisetas "Feira do Viño 2023". Org. Área de Xuventude.

Ás 11:30 h XIV Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas "MEMORIAL MUÍÑO"

-Desfile de Bandas pola Rúa Real

-Actuación das Bandas no Auditorio Municipal

11:45 h Inauguración do recinto feiral a cargo do Excmo. Sr. Vicepresidente 2º e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, D. Diego Calvo Pouso.

Ás 17:00 h Teatro "MisterBlue" a cargo de Teatro Tombuctú na Praza de España.

Ás 18:00 h Actuación da charanga "Mil 9" no recinto da feira.

Ás 19:00 h no Auditorio Municipal

-Actuacións musicais:

-Coral Polifónica de Quiroga.

-Grupos de danza "San Martiño" e "Arume da Queiruga"

Ás 20:30 h Pregón a cargo de Carlos Sobera, actor, presentador de TV, exprofesor universitario e empresario teatral; cunha ampla traxectoria profesional en teatro e televisión na actualidade presenta

"First Dates" e "Pesadilla en el Paraíso" nas canles de TV Cuatro e Telecinco.



Presentarán o acto os xornalistas Tania Taboada, reporteira en "Espejo Público" e José Manuel Parada,

Pregoeiro da XXIII Feira do Viño, cunha ampla traxectoria como presentador de TV, actualmente en Canal Sur.

A partir das 21:00 h Actuación da orquestra "Marbella" e do Dj "Adri Díaz" no recinto da feira.

DOMINGO, DÍA 9 :

A partir das 11:00 h. Alborada e animación do recinto a cargo do Grupo de Gaitas "O Recanto".

Ás 12:30 h Recepción das autoridades no Concello.

Ás 12:45 h Entrega de Trofeos aos adegueiros no Concello.

Ás 13:00 h Actuación Grupo de Gaitas "Érbedo".

Ás 17:00 h Teatro "MisterBlue" a cargo de Teatro Tombuctú na Praza de España.

Ás 18:00 h Actuación da Charanga "NBA" no recinto da feira.

Ás 21:00 h Actuación da charanga "TERRAS DE BIBEI" no recinto da feira.

RELACIÓN DE ADEGAS PARTICIPANTES

- | | |
|-------------------|------------------------------|
| 1 ALMA DAS DONAS | 7 PONTE DA BOGA |
| 2 ALGUEIRA | 8 PURIFICACIÓN DÍAZ FERREIRO |
| 3 ATRIUM VITIS | 9 RECTORAL DE AMANDI |
| 4 EDV 2015 | 10 TERRAZAS DE OUTEIRO |
| 5 FRUCTUOSO-HOBBS | 11 VAL DE QUIROGA |
| 6 LAR DE RICOBAO | |

ADEGA INVITADA NA PRESENTE EDICIÓN:

ADEGA CORISCA da D.O. RÍAS BAIXAS

ADEGAS DE VIÑOS CANARIOS INVITADAS Á XORNADA DE VITICULTURA HEROICA

"Bodega El Lomo. D. O. Islas Canarias"

"Bodega Cormarcal de Güimar, D.O Güimar"

"Bodega Domínguez Cuarta 4 Generación. D. O Tocatorante- Acentejo."



CONCELLO DE
QUIROGA



DEPUTACIÓN
DE LUGO

VICEPRESIDENCIA



FEIRA do VIÑO
de QUIROGA



Proxecto Xeparque Mundial da UNESCO

//**Afundación**

Obra Social ABANCA